

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 06/11/2023
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO
SONIA OUTÓN CASAL
PAOLA MARIA MOCHALES
DIEGO GARCIA SANTIAGO
CARLOS COIRA LOJO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MARÍA BERMÚDEZ OUTÓN

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 06/11/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 30-oct-2023, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2023/3882

Visto o informe da Policía Local, en relación coas constantes chamadas do persoal de limpeza, informando da presenza de vehículos estacionados diante dos colectores de lixo situados na Rúa Arcebispo Gelmirez, á altura do número 3-5, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda ao pintado de marcas viarias que prohiban o estacionamento diante dos devanditos colectores mediante un zig-zag amarelo que prohiba ou delimite o estacionamento, de conformidade co Regulamento Xeral de Circulación.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras (Alvaro).

PRP2023/3883

Dáse conta de Sentenza estimatoria de 9 de outubro de 2023, número 205/2023, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra, que estima integramente o recurso interposto pola representación de Dona Xiana López Franco, fronte ao Decreto da Alcaldía de data 5 de maio de 2021 (procedemento sancionador SCOVID/VILAGARCIA/0563) con imposición de costas ao Concello por un importe de 200 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda:

- Que se proceda ao aboamento das costas polo importe fixado de 200,00 €, con cargo á pardia 929.22699.
- A anulación da sanción imposta a Dona Xiana López Franco, por importe de 300,00 €

PRP2023/3887

Dáse conta do escrito presentado por Dona Andrea Castro Vázquez en representación de AREVA (Alcoholicos Rehabilitados Vilagarcía de Arousa) , solicitando autorización para ocupación de via pública na Praza de Galicia coa colocación de unha mesa e catro cadeiras, os días 4 e 15 de

novembro de 2023, en horario de 10:00 a 13:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2023/3890

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación da Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa na esquina das Rúas Alcalde Rey Daviña e Rúa Baldosa o día 4 de novembro de 2023, en horario de 9:00 a 15:00 horas, para captación de socios.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/3958

Dáse conta de escrito presentado por Gesenco Gestión de Comunidades SL C.P. no que se indica que na Rúa Extramuros 16 teñen dificultade de visibilidade á hora de saír do garaxe, cando se atopan vehículos estacionados na calzada e solicitan a instalación dun espello para facilitar a incorporación e circulación de vehículos que saen do garaxe da citada edificación.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que non hai espazo na vía pública para a colocación do espello, polo que o único lugar axeitado estaría na fachada do edificio (lado esquerdo da esquina da saída do garaxe coa beirarrúa), para que permita a visualización dos vehículos que proveñen do sentido único da calzada, e sempre e cando non obstaculice a circulación peonil exterior.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmovible deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación

PRP2023/3967

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Angeles Blanco García, para colocación dun posto de churros e lambetadas nas inmediacións do Cemiterio de Santa Plácida, os días 29, 30, 31 de outubro e 1 de novembro de 2023.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/3980

Dáse conta de novo escrito presentado por Dona Eva Serén Charlin, solicitando a situación dun novo paso de peóns na Avda. Agustín Romero, próximo ó número 17, dado que na actualidade existe un paso de peóns ao finalzala rúa, cerca da rotonda e o seguinte paso de peóns está cerca de protección civil.

Dáse conta de informe da Policía Local, no que se indica que o asunto xa foi tratado pola Xunta de Goberno Local de data 9 de maio de 2022 e 21 de marzo de 2023, no que se acordaba solicitar ao organismo titular da estrada (Consellería de Infraestructuras e Mobilidade-Servizo de Estradas de Galicia) para a sinalización do paso de peóns, considerando a situación mais axeitada fronte ao nº 11 ou fronte ao nº 29 da citada Rúa.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda reiterar a petición á Xefatura Territorial de Estradas.

PRP2023/3982

Dáse conta de escrito presentado por Dona Maria José García Cuquejo, de queixas pola existencia de malezas nas fincas lindeiras coas beirarrúas na Rúa Almirante Fontán, así como solicitando sinalización horizontal de prohibición de estacionamento nunha marxe da citada Rúa.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización vertical e horizontal de toda a marxe dereita da Rúa Almirante Fontán (sentido entrada), para prohibir o estacionamento.

Así mesmo comunícaselle que na inspección ocular realizada comprobouse que xa se procedera á limpeza do arcén que dificultaba a visibilidade do espello colocado.

Dar conta á Policía Local e Servizo Municipal de Obras.

PRP2023/3984

Dáse conta do escrito presentado por D. Ricardo García Mauricio, solicitando autorización para ocupación de vía pública na Praza de Galicia para realizar unha pequena mostra de teatro musical o día 18 de novembro de 2023, ás 17:30 horas, para o que necesitan unha toma de corrente para conectar os equipos de son.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta ao Servizo de Alumeado Público (Ramón Caldas) aos efectos da toma de corrente.

PRP2023/4001

Dáse conta de informe do Departamento de Informática, no que se indica que:

Nos Servidores do Concello están actualmente en funcionamento unha aplicación informática de Recursos Humanos GINPIX7 da empresa SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA (SAVIA), formada polos seguintes módulos:

1. Ginpix7 Núcleo Básico.
2. Ginpix7 Ciclo de Nómina.
3. Ginpix7 Contratación.
4. Ginpix7 RRHH Estrutura da Organización. Postos e Prazas.
5. Ginpix7 RRHH Xestión Presupostaria Capítulo I.

A forma de explotación da aplicación é en modo on-premises, é dicir, tanto a aplicación como a Base de Datos e resto de compoñentes están instalados nos servidores do Concello, sendo o servizo de Informática o encargado do seu correcto funcionamento, das copia seguridade, das actualizacións da aplicación etc.

A empresa comunicou ao Concello que a forma de explotación da aplicación de Nómina e Recursos Humanos (Ginpix7) só poderá ser en modo "Cloud" (a través do entorno Savia Cloud) a partir do 31/12/2023, por razóns técnicas, de seguridade e de evolución do produto, polo tanto o Concello vese obrigado a cambiar a forma de explotación a modo Cloud ou ben adquirir outra aplicación do mercado.

O Servizos de Informática e RRHH estudíronse outras alternativas e analizaron outras aplicacións de RRHH no mercado. Unha vez vistas as características técnicas e funcionais das outras aplicacións de RRHH, a evolución do produto, o entorno de sistemas, o entorno de seguridade e dispoñibilidade etc., pensan que a mellor solución é continuar coa aplicación actual GINPIX7 cambiando o modo de explotación a "Cloud" mediante o entorno SAVIA CLOUD.

Características principais do novo entorno, aloxamento, explotación etc.:

- A plataforma Cloud garante o cumprimento do ENS (Esquema Nacional de Seguridade).
- A plataforma Cloud cumpre a normativa ISO 27001 e ISO 2000 de seguridade de datos.
- A forma de explotación será en modo Cloud, a través do entorno SAVIA CLOUD, os servizos aos que terán acceso os usuarios serán en modalidade SaaS (Software como servizo), é dicir só se pagarán os servizos que se contraten.
- Acceso a SAVIA CLOUD será desde un entorno de traballo HTML5 e https.
- Desde o entorno SAVIA CLOUD accederase ao servizo de soporte de Savia para resolver incidencias e formación.
- Posibilidade de evolucionar de forma rápida a novos servizos e procesos do ciclo de nómina e xestión laboral en caso de ser necesarios.
- Incorporación futura de Robots de software para labores repetitivas ou procesos continuados.
- Actualización automática de cambios evolutivos e legais.
- Os datos da aplicación de RRHH son propiedade do Concello, a empresa Savia comprométese a enviar a BBDD e a documentación técnica da mesma ao Concello sempre que sexa solicitado por este e regularmente cada trimestre. Unha vez finalizado o servizo fará entrega de dúas copias dos datos e documentación técnica, una antes da finalización para realizar as probas necesarias e outra e outra no final do contrato.

Produtos a contratar:

- Nove xornadas de consultoría técnica e funcional destinadas a Migración da aplicación Ginpix7 ao entorno Savia Cloud (6 xornadas) e Configuración do enlace contable (aplicación de contabilidade do Concello) coa aplicación Ginpix7 no novo entorno Savia Cloud (3 xornadas).
- Servizo de soporte e mantemento da aplicación Ginpix7 no entorno actual (servidores do concello) para o mes de outubro de 2023.
- Cuota de aloxamento, soporte e mantemento de Ginpix7 no entorno Savia Cloud para os meses de novembro e decembro de 2023. Este servizo é en modalidade SaaS para 5 usuarios con acceso á aplicación e ata 400 empregados do Concello (funcionarios, laborais, cargos electos e plans de emprego).
- Enlace coa aplicación de Contabilidade do Concello Sicalwin da empresa Aytos.

O servizo de aloxamento de Ginpix7 en Savia Cloud e o servizo de soporte e mantemento da aplicación Ginpix7, pola modalidade SaaS, inclúe os seguintes conceptos:

- Aloxamento nunha infraestrutura cloud certificada
- Servizos SaaS (actualizacións, copias seguridade)
- Acceso cloud as funcionalidades software Ginpix:
 - Núcleo (Admon. Expedientes de Persoal e Easy Query)
 - Ciclo de Nómina (inclúe Ginpix7 Contratación)
 - Pluggin Interface Sistema Contabilidade Sicalwin
 - RRHH Estructura da Organización, Postos e Prazas.
 - RRHH Xestión Presupuestaria Capítulo I
- Acceso Cloud aos usuarios de Ginpix7 a Licenzas MS Office
- Mantemento e soporte da aplicación Ginpix7
- A facturación consta de dúas cotas:
 - Una cota fixa segundo o número de usuarios da aplicación.
 - Unha cota variable segundo o número de funcionalidades contratadas e o número de empregados.

Visto o informe-proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA S.L. un servizo de migración da aplicación informática de Recursos Humanos a modo cloud (forma de explotación) e un servizo de aloxamento cloud, soporte e mantemento para o período do 01/10/2023 ao 31/12/2023 por un importe de 15.508,57 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/4002

A electrónica de rede do concello está formada por 6 Switch Brocade ICX7450 adquiridos en 2016, debido ao aumento do número de usuarios e dispositivos conectados á rede (ordenadores, thin client, impresoras, fotocopiadoras, scanners etc) é necesario ampliar a capacidade da electrónica de rede do Concello mediante a compra dun novo SWITCH.

O novo Switch debe ser da mesma marca, modelo e características técnicas dos existentes

(velocidade de 1 GB, 48 bocas, dobre fonte de alimentación etc), posto que debe estar conectado e integrado cos Switche actuais formando unha única pila (stack).

A empresa adxudicataria deberá realizar a instalación, configuración, integración co resto da electrónica de rede e posta en marcha do novo Switch. A instalación e posta en marcha debe facerse sen entorpecer a actividade normal do concello.

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a compra, instalación e configuración á Empresa INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA S.L., por ser a empresa que ten adxudicado o soporte e mantemento da electrónica de rede do concello e tratarse dunha ampliación da mesma, por un importe total de 10.200,30 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.62300.

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS:

1 SWITCH BROCADE-RUCKUS ICX7450-48 3 SLOTS-UPLINK/STACK

2 Módulo QSFP+ 1 puerto 40GbE ICX 7450

2 Fuentes de alimentación 1000W

2 Ventiladores front to back ICX7450

2 Cables de alimentación C13 to C14

1 Cable DAC 40GE QSFP 0,5 m pasivo

1 Cable stack 10Gbe. Optical Fibre Cable, LC-LC, Multimode, Duplex

Instalación e servizos de configuración.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/4003

Debido a problemas de funcionamento é necesario repoñer varios dispositivos de electrónica de rede do sistema WIFI dos edificios municipais e vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a compra de tres Router AP Controlador Switch Ubiquiti UDM-PRO, tres Wireless Cloud Key G2 Unifi Ubiquiti UCK-G2-PLUS, sete Puntos de acceso WIFI UBIQUITI U6-PRO, dous Puntos de acceso WIFI UBIQUITI U6-PRO e sete POE INYECTOR UBIQUITI POE-48-24W á empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L. por un prezo de 4.573,17 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.213, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/4004

No concello utilízanse tarxetas criptográficas para almacenar e xestionar os certificados dixitais usados polos funcionarios para identificarse e asinar electrónicamente.

É necesario a compra de tarxetas para os traballadores do Concello.

Polo Departamento de Informática propónse comprar o mesmo tipo de tarxeta é ao provedor habitual (Fabrica Nacional de Moneda y Timbre - Real Casa de la Moneda), as novas tarxetas incorporan a maiores un novo chip Mifare de 1 KB que poderá ser utilizado nos futuros sistemas de control de presenza para identificar aos funcionarios.

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Fabrica Nacional de Moneda y Timbre - Real Casa de la Moneda (FNMT-RCM) (CIF ESQ2826004J) da compra de 100 tarxetas criptográficas por un prezo de 1.684,32 € IVE e transportes incluídos, con cargo á partida

9201.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/4008

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda Adxudicar a compra de dous Scanner Epson WorkForce DS-870N, dúas Tablet Samsung Galaxy TAB A8 10,5" SM-X200NZ, Vinte Ratos Logitech B100 USB OEN, Vinte Teclados Logitech K120 USB OEM, Vinte Lectores Tarxetas Criptográficas, Trece Monitores AOC 24P2Q y Trece Monitores AOC Pro-line 24P3QW P3 á empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L. por un prezo de 10.667,92 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.62600, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/4020

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a D. Carlos Galbán Zaragoza (Duende Instrumentos Musicales) o subministro de un atril de metacrilato, por un importe total 1.319,99 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.62300, de conformidade coa oferta presentada.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/4017

Dáse conta do escrito presentado por Dona Iria Rey Viqueira, en representación de Perla de Arousa Danza e Pilates, solicitando autorización para ocupación de vía pública para realizar unha roda de capoeira na Praza da Segunda República o día 5 de novembro de 2023.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

RECURSOS HUMANOS

PRP2023/3998

Dáse conta do escrito presentado por Dona Andrea Outeda Graña solicitando a compatibilidade laboral para impartir seminarios de preparación de posicións en academia, de forma ocasional e sen interferir no horario laboral no Concello de Vilagarcía de Arousa.

Visto o informe do Departamento de Recursos Humanos, no que se indica que da información ofrante no expediente acreditanse motivos para considerar que a actividade privada descrita estaría excepciónada da necesidade de tramitar expediente de recoñemento de compatibilidade, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acoda dar a súa conformidade ao solicitado.

PRP2023/4044

Acórdase o pago non orzamentario a favor de Sanitas SA de Seguros

pola factura correspondente á liquidación de primas de asistencia sanitaria no mes de outubro de 2023 a funcionarios, laborais, pensionistas e familiares, por importe de 386,40 €, na aplicación non orzamentaria 20502.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2023/4009

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor para o subministro de vaias pezas da torre castelo do parque infantil Miguel Hernández, para substitución das actuais, á Empresa OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL, por un importe total de 1.641,97 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22615, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO

PRP2023/3972

No ano 2018, a FUNDACIÓN DOS FERROCARRILES cedeu a este concello 3 pezas, que estaban na exposición da Fundación Camilo José Cela, en Padrón.

Unha desas pezas é unha augada, preténdese instalar no exterior do Mufevi, agora que vai ser reaperturado. A peza está dende que fora traída, en Fexdega.

Precisa dun mantemento antes de ser exposta ao público.

Faise preciso a fabricación dunha base sobre a que colocala e logo vai atornillada a un base de formigón armado.

A augada terá un acabado antivandálico.

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a realización dese traballo, incluída a colocación sobre a base de hormigón, e o traslado ata o taller á empresa REPARACIONES SINDE, S.L., por un importe total de 4.189,02 €. (IVE incluído), con cargo á partida 432.215, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/3974

Ao Concello foille cedida unha marmita ferroviaria, elemento que se utilizaba para mover os extremos das vías nos lugares en que facían intersección con outras e deste xeito poder dirixir os trens cara a unha o outra vía.

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o transporte, restauración e colocación no exterior do MUFIVI á empresa REPARACIONES SINDE, S.L., por un importe total de 4.531,45 €. (IVE incluído), con cargo á partida 432.215, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

CULTURA

PRP2023/4010

Vista a solicitude de Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actas do Auditorio Municipal, o día 3 de decembro de 2023, para a celebración do evento "Concerto Solidario XXVI Anos de Cáritas" que terá lugar o día 3 de decembro ás 19:00 horas, así como a utilización das instalacións da conserxería o día 2 de decembro para a venda de entradas, en horario de 11:00 a 14:00 horas, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal. Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado

PRP2023/4011

Vista a solicitude de D. Daniel Espiño Otero, cura párroco de Sobradelo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dun Festival de Panxoliñas o día 16 de decembro na Igrexa de Sobradelo:

- Actuación da Coral de Sobradelo por un importe de 391,00 €.

Comunícaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2023/4015

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a celebración da "Presentación-Conferencia-Concerto e adquisición de 10 CD's da zarzuela galega -NO MEU PEITO- de Loli Crespo Abuin (soprano) acompañada polo pianista Alejo Amoedo, o día 25 de novembro ns instalacións da Asociación Cultural O Gato Negro de Carril, por un importe total de 2.420,00 €, de conformidade co orzamento presentado por DOS ACORDES SLU, con cargo á partida 334.22609.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na

facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/4016

Dáse conta de solicitude do adianto do 25% do convenio de 2023 coa Asociación Patronato da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa.

Vista a proposta da Concellería de Cultura e de conformidade co estipulado na cláusula sétima.2 do convenio asinado entre o concello de Vilagarcía de Arousa e a Banda de Música, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar o pago do 25% do convenio entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a asociación Padroado da Banda de Música, e o recoñecemento de obriga a favor do Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa , coa seguinte desagregación:

- Con cargo á partida 334.48205: 9.692,50 €
- Con cargo á partida 334.78000: 1.875,00 €.

CONTRATACIÓN

PRP2023/4043

Dáse conta da tramitación do expediente de licitación para adxudicar, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, o contrato mixto para a prestación do Subministro (mediante aluguer) de elementos luminosos ornamentais e cadros eléctricos, montaxe, mantemento e desmontaxe dos mesmos para as festas de Nadal 2023/24 e festas de Santa Rita e San Roque 2024, así como a distribución en baixa tensión e conxionado e desconxionado das orquestras, atraccións, postos, barracas de feira e caravanas de feirantes das festas de Santa Rita e San Roque 2024 . Expte. CT 73/2023-e, cun tipo de licitación de 95.041,32 € (sen IVE), e de 115.000,00 € (IVE incluído) e dos licitadores presentados:

CIF: B15279359 ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, SL

CIF:B10982205 TECMODECO SL

Dáse conta do informe de valoración emitido polo Xefe do Servizo de Alumado Público, o cal valora a proposición técnica segundo os criterios do PCAP, da seguinte maneira:

- O licitador ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL cumpre coas especificacións establecidas nos prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexen a licitación, polo que de acordo cos criterios de adxudicación fixados nos devanditos pregos, propónse que se outorgue unha puntuación de 15 puntos, á vista da orixinalidade dos deseños ofertados para o alumado ornamental, a calidade e seguridade das instalacións e a mellor eficiencia enerxética.
- O licitador TECMODECO SL incumpre o disposto na cláusula 10.1 do prego de prescricións técnicas particulares.

Doutra banda non indica na súa proposta os medios persoais que destinará á execución do contrato, incumprindo o disposto no Anexo IV do PCAPP, polo que non se valora ao non axustarse aos pregos que rexen a licitación propoñendo a súa exclusión.

Polo anteriormente indicado a oferta técnica do licitador presentado con CIF: B15279359 ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, SL, e valorada con 15 puntos.

Unha vez aplicados os criterios de valoración previstos no PCAP, a valoración é a seguinte:

LICITADOR	Oferta económica sen IVE	Puntos oferta económica	Puntos Fomento estabilidade no emprego	Puntos iluminación de todas as boas imperiais contempladas no PPT	Puntos: Adscripción á execución do contrato de nº maior de de profesionais	Puntos: Oferta efectos dinámicos(5 cambios de color e 5 programacións dixitais en iluminación cono Praza Galicia)
-----------	--------------------------	-------------------------	--	---	--	---

ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, SL	95.000,00 €	20	20	2	10	15
--------------------------------	-------------	----	----	---	----	----

De acordo á avaliación das propostas presentadas, a mesa conclúe o seguinte:

Orde: 1NIF: B15279359 ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L. Proposto para a adxudicación

Total criterios CJV: 15

Total criterios CAF: 50

Total puntuación: 65

Orden: 2NIF: B10982205 TECMODECO S.L. (proposto para a exclusión)

Total criterios CJV: 0

Total criterios CAF:

Total puntuación: 0

Vista a proposta da Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: A exclusión do licitador TECMODECO SL por incumprir o disposto nos Pregos que rexen a licitación.

Segundo: A adxudicación do contrato mixto de Subministro (mediante aluguer) de elementos luminosos ornamentais e cadros eléctricos, montaxe, mantemento e desmontaxe dos mesmos para as festas de Nadal 2023/24 e festas de Santa Rita e San Roque 2024, así como a distribución en baixa tensión e conexiónado e desconexiónado das orquestras, atraccións, postos, barracas de feira e caravanas de feirantes das festas de Santa Rita e San Roque 2024 cun orzamento de licitación de 115.000,00 € (IVE incluído) á empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L (NIF: B15279359) con cargo á partida 703.32023008455, de conformidade coa súa propia oferta:

-Oferta un prezo de 95.000,00 € (sen IVE) ao que corresponde un IVE de 19.950,00 € o que totaliza un importe de (IVE incluído) de 114.950,00 €.

-O prezo ofertado inclúe unhas melloras consistentes en cinco cambio de cor e cinco variedades de programacións dixitais na iluminación do cono tridimensional a instalar na Praza de Galicia.

-Durante o prazo de execución do contrato, comprométese a manter adscrito á execución do mesmo unha porcentaxe de traballadores indefinidos con respecto ao número total de traballadores da empresa do 100%.

- Comprométese a adscribir á execución do contrato os profesionais a maiores dos esixidos como solvencia técnica que se indican a continuación:

- Oficial electricista con carné oficial de instalador: 3 persoas
- Grao en enxeñería industrial, enxeñeiro técnico industrial ou titulación equivalente: 1 persoa.

- Iluminación de todas as boas imperiais contempladas no PPT.

Faise constar que de acordo coa desagregación de festividades contemplado no prego de cláusulas administrativas que rexen a licitación, a facturación do importe total do contrato, unha vez aplicado o coeficiente de baixa ofertado polo licitador, deberá realizarse por festividades e distribuído do seguinte modo:

FESTIVIDADE	IMPORTE (sen IVE)	IMPORTE (con IVE)
1ª parte del Nadal 2023/2024 (do 1 ao 16 de decembro de 2023)	31.464,00 €	38,071,44 €
2ª parte de Nadal, Aninovo e Reis 2023/2024 (do 17 de decembro de 2023 ao 7 de xaneiro de 2024)	43.263,00 €	52.348,23 €
Festas de Santa Rita 2024 (do18 ao 22 de maio de 2024) ambos inclusive	6.659,50 €	8058,00 €
Festas de San Roque 2024 (do 14 ao 25 de agosto de 2024, ambos inclusive): -Caravanas: do 12 ao 27 de agosto de 2024. -Atraccións: do 14 ao 26 de agosto de 2024.	13.613,50 €	16.472,33€
TOTAL	95.000,00€	114.950,00€

ANUALIDAD E	Importe
2023	38.071,44 €
2024	76.878,56 €

PRP2023/4046

Dáse conta do expediente de contratación CT 59/2023 tramitado mediante Procedemento Aberto, tramitación ordinaria e licitación electrónica, para adxudicar o Subminstro de composteiros individuais (COIN), composteiros de gran tamaño e unidades modulares de compostaxe (UMC) para a formación de centros de compostaxe comunitaria (CCC) ao abeiro das subvencións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para o financiamento das actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal no Concello de Vilagarcía de Arousa, cofinanciadas polo Fondo Europeo relativo ao mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - NEXTGENERATION EU-, (lotes 2 e 3) e dos licitadores presentados, seguintes:

NIF: B55160071 ID WASTE SL.

NIF: B71066153 VERMICAN SOLUCIONES DE COMPOSTAJE SL.

As ofertas técnicas presentadas polos licitadores son as seguintes:

EMPRESA	OFERTA TECNICA LOTE 2	OFERTA TECNICA LOTE 3
VERMICAN SOLUCIONES DE COMPOSTAJE S.L. B71066153	<p>Oferta compostador de 830 litros e indica:</p> <ul style="list-style-type: none"> • despiece • recambios • instrucciones de montaje • personalización • reducción de impactos ambientales • termómetros y aireadores <p>Aporta certificados de producto:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Declaración responsable del fabricante sobre las características del compostador. • Declaración responsable del fabricante sobre la vida útil del producto. • Certificado de garantía de calidad del compostador. • Certificado de calidad del fabricante. • Ficha técnica de los polímeros utilizados. • Ficha de uso alimentario. • Ficha de seguridad del compostador. 	<p>Oferta compostadores de fabricados en plástico reciclado (listones) y acero galvanizado (perfiles y tapa).</p> <p>Indica:</p> <ul style="list-style-type: none"> • características de los compostadores • elementos que los componen • sistema de montaje y manejo de los mismos • personalización • instalación • plan de reciclado • plazo de garantía • piezas y recambios • reciclabilidad
ID-WASTE, S.L.	<p>Oferta compostador 800 litros, modelo: HORTO 800</p> <p>Aporta:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Ficha técnica del compostador. • Ficha técnica del aireador • Ficha técnica del termómetro <p>Presenta declaraciones y certificaciones de:</p> <ul style="list-style-type: none"> • “Plastica Seconda Vita” de fabricación a partir de plástico reciclado. • Declaración de utilización de 95% de plástico reciclado 	

<ul style="list-style-type: none"> • Declaración del ciclo de vida del producto • Declaración de no utilización de materiales con clorofluorcarbonos • Declaración de reciclabilidad • ISO 9001:2015 	<ul style="list-style-type: none"> • ISO 14001:2015
--	--

Unha vez remitido o informe de valoración realizado polos mestres composteiros deste concello, valoranse as proposicións técnicas de acordo aos criterios do PCAP da seguinte maneira:

LOTE 2 - Subministración de 50 composteiros individuais (COIN) de gran tamaño con capacidade entre 800 e 900 litros + compoñentes invididuales (aireador e termómetro de compostaxe)

A mesa de contratación acorda excluír a oferta do licitador NIF: B55160071 IDE WASTE SL., porque a mostra presentada descríbese como un composteiro de 700L, capacidade inferior á establecida para este lote (800 a 900L), tal como figura no ANEXO I do PCAP. Cadro de características do contrato".

Por outra banda, a mostra e a oferta presentadas por esta empresa non se corresponden entre si, sendo a mostra un composteiro de 700L de capacidade, e a oferta presentada referente a un composteiro de 800L.

Deste xeito, o licitador estaría a incumprir co disposto no punto 12.4 do PCAP.

No seguinte cadro resúmense as puntuacións obtidas polo licitador VERMICAN SOLUCIONES DE COMPOSTAJE, S.L en cada un dos apartados recolleitos no PCAP:

OFERTA TÉCNICA LOTE 2	PUNT. MAX	VERMICÁN
B.1.- Deseño, robustez e facilidade operativa dos COIN.	28	27
B.2. Criterios ambientais: materias primas utilizadas, ciclo de vida	11	11
B.3. Plan de reciclaxe dos COIN.	5	5
B.4. Adecuación técnica dos accesorios (aireador e termómetro)	5	5
TOTAL	49	48

LOTE 3: Subministración con instalación nos lugares indicados polo concello de 33 unidades modulares de compostaxe comunitaria (UMC) para a formación de centros de compostaxe comunitaria (CCC).

No seguinte cadro resúmense as puntuacións obtidas polo licitador VERMICAN SOLUCIONES DE COMPOSTAJE, S.L en cada un dos apartados recolleitos no PCAP:

OFERTA TÉCNICA LOTE 3	PUNT. MAX	VERMICÁN
B.1.- Deseño, robustez e facilidade operativa das UMC.	30	27
B.2. Criterios ambientais: Uso dematerias primas reutilizables, reparables e reciclables e recollida e tratamento das UMC ao final do ciclo de vida:	19	17
TOTAL	49	44

Unha vez aplicados os criterios evaluables automáticamente, as ofertas presentadas son as seguintes:

LICITADOR	LOTE	IMPORTE SIN IVA	IMPORTE CON IVA	AMPLIACION GARANTIA	PLAZO	UNIDADES DE REPOSICION
